

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro      | Concello | Ano académico |
|----------|-------------|----------|---------------|
| 15010058 | CPI do Feal | Narón    | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito                | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|--|---------|------------------|----------------|
| Educación infantil | Comunicación e representación da realidade | 4º Inf. | 8                | 280            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 17            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 18            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 19            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 19            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 19            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 20            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 20            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 21            |
| 9. Outros apartados   | 22            |

## 1. Introducción

O noso ciclo de El traballa por proxectos, tendo como base os intereses das nenas e nenos e os seus gustos. Seguindo a metodoloxía SEM, partimos facendo unha análise do portfolio do talento de cada alumna e alumno, elixindo temáticas, actividades e xogos que representen os talentos de todo o grupo aula, que a estas idades son ben diferentes dun trimestre a outro. Ademais, partimos tamén de situacións que xorden do día a día nas que o alumnado está realmente entusiasmado.

A base do traballo por proxectos e a espontaneidade das nenas e nenos dificulta a programación de unidades didácticas pechadas e polo tanto a concreción de obxectivos, contidos e criterios de avaliación, xa que estes irán variando en función dos intereses e necesidades de aprendizaxe do alumnado polo que a continuación farase unha referencia xeral e globalizada, que recolla un mínimo de contidos que se deberán traballar ó longo dos proxectos que xurdan durante o curso de xeito que ó remate do mesmo os alumnos e alumnas teñan adquiridos eses mínimos. É por iso que a programación desta área está concibida para levarse a cabo de xeito global coas outras dúas áreas, respetando un dos principios esenciais da educación infantil e o xeito de aprendizaxe das nenas e nenos destas idades.

Nesta área recóllense os elementos curriculares relacionados coa expresión, comprensión e interpretación das diferentes linguaxes: plástica e visual, oral, escrita, musical, corporal e literaria.

Tamén se pretende achegar ás nenas e ós nenos a diferentes manifestacións culturais artísticas nos diferentes ámbitos (arte, música, literatura oral e escrita, ...) e tamén potenciando a experimentación e creación das súas propias obras.

Non se pode concibir esta área sen a interrelación cas outras dúas, xa que é importante saber transmitir e representar as nosas investigacións a través das diferentes linguaxes, coñecer o espazo físico, cultural e natural que nos rodea e utilizalo nas nosas creacións e ademais o corpo é o principal instrumento de expresión e comunicación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.                      | 1   | 1  |      |    |       | 1  |    |      |
| OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.   | 1   | 1  |      |    | 1     |    |    |      |
| OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas. | 1   |    | 1    | 1  |       |    | 1  | 1    |
| OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.  | 1   | 1  |      | 1  |       |    |    |      |

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural. | 1   |    |      | 1  |       |    |    | 1    |

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

| UD | Título                      | Descrición   | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------|--|------------|----------|----------|----------|
| 1  | SOMOS INVESTIGADORES        | Esta categoría trabállase de xeito transversal durante todo o curso complementando o resto de proxectos que xurdan na aula. Nela recóllense actividades e xogos relacionadas coa observación, manipulación e experimentación con obxectos, materiais e co espazo físico e natural da contorna, promovendo o diálogo e a expresión do vivido a través de diferentes linguaxes.  | 40         | X        | X        | X        |
| 2  | SOMOS EMOCIÓN E SENTIMENTOS | Esta categoría trabállase de xeito transversal durante todo o curso complementando o resto de proxectos que xurdan na aula. Nela recóllense nela todo tipo de actividades e xogos relacionados co coñecemento de si mesmo e dos demais, dándolle especial importancia a saber transmitir e representar o aprendido a través das diferentes linguaxes (vocabulario sobre o corpo, descrición de persoas, debuxo do esquema corporal, ...) e a identificación e expresión nas diferentes linguaxes das emocións e sentimentos.   | 40         | X        |          |          |
| 3  | SOMOS ARTISTAS              | Recóllense nela todo tipo de actividades e xogos relacionadas coa expresión e comprensión de diferentes manifestacións artísticas: plástica e visual, oral, escrita, musical, corporal e literaria e traballarase tamén de xeito transversal ó longo de todo o curso e dos diferentes proxectos que xurdan. Relacionado con esta área, potenciarase a experimentación e observación de tódolos diferentes manifestacións culturais artísticas, achegando ás nenas e nenos á cultura en diferentes ámbitos (arte, música, literatura oral e escrita, ...) e tamén fomentando a creación das súas propias obras. Así mesmo, é importante saber transmitir e representar as nosas investigacións a través das diferentes linguaxes e coñecer o espazo físico, cultural e natural que nos rodea e utilízalo nas nosas creacións. | 40         | X        |          |          |

| UD | Título                | Descrición  | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|---|------------|----------|----------|----------|
| 4  | QUE QUEREMOS SER?     | Nesta categoría, propia desta área, recóllense aquí as actividades e xogos relacionados coa benvinda ó cole, o recoñecemento e establecemento de relacións na escola e na familia, profesións e persoaxes significativas e as características principais do medio social relacionadas cos proxectos que xurdan, dando especial importancia á comunicación e representación do aprendido a través das diferentes linguaxes (vocabulario relacionado, descrición das relacións, debuxos da familia e dos compañeiros, elaboración de carteis informativos, ...) . | 40         |          | X        |          |
| 5  | O PATIO DO MEU RECREO | Enmarcamos aquí as actividades e xogos relacionados coa natureza: o coidado da horta, as características das diferentes estacións, o coidado e respecto polo medioambiente,... todo elo promovendo actividades manipulativas, sensoriais e de exploración.  | 40         |          | X        |          |
| 6  | GÚSTANME OS ANIMAIS   | Nesta categoría inclúense as actividades e xogos relacionados co coñecemento, respecto e coidado polos animais: características, hábitat, relación cos seres humanos, o coidado das mascotas, ... Sendo imprescindible saber transmitir e representar as nosas investigacións a través das diferentes linguaxes.  | 40         |          |          | X        |
| 7  | SOMOS GALEGOS         | Durante o curso lévanse a cabo de xeito transversal e relacionados cos diferentes proxectos que xurden, actividades e xogos destinados a coñecer e valorar as tradicións da propia contorna e de Galicia en xeral: a vendima, a esfolla, o magosto, Samaín, Nadal, Entroido, ... Cobrando especial importancia a transmisión de rimas, cantigas, refráns, lendas, adiviñas, ... propias de cada tradición, así como a achega a manifestacións culturais artísticas relacionadas coas mesmas e a elaboración de obras propias para o festexo das tradicións.     | 40         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD         | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 1  | SOMOS INVESTIGADORES | 40       |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|-------------------------|------------------------|----|
|                         |                        |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA |
|---|---|----|
| CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.  | Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)                       | TI |
| CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.   | Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas |    |
| CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.  | Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas |    |
| CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.  | Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo) en diferentes linguas    |    |
| CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.  | Participa activamente nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica.   |    |
| CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.   | Escoita e interpreta mensaxes sinxelas emitidas por outras persoas.   |    |
| CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.  | Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)                       |    |
| CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.   | Escoita con interese a lectura de textos literarios breves  |    |
| CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria. | Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita o lectura dun texto literario.                                 |    |
| CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.   | Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica  |    |
| CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.  | Fai achegas sobre producións dos demais.  |    |
| CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.   | Coñece e acepta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas.  |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> </ul> |

## Contidos

- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.

| UD | Título da UD                | Duración |
|----|-----------------------------|----------|
| 2  | SOMOS EMOCIÓN E SENTIMENTOS | 40       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA |
|---|--|----|
| CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.  | Participa en actividades dramáticas e musicais utilizando instrumentos musicais.     | TI |
| CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.   | Participa en actividades de danza e dramatización                                    |    |
| CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.  | Participa en actividades de expresión corporal libre.                                |    |
| CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas. | É capaz de expresarse corporalmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes. |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> <li>- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.</li> <li>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.</li> <li>- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.</li> <li>- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.</li> <li>- Respecto polas producións alleas.</li> <li>- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.</li> <li>- Uso do baile e da danza como medios de expresión.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> <li>- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.</li> </ul> |

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|----------------|----------|
| 3  | SOMOS ARTISTAS | 40       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA |
|---|---|----|
| CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable. | Amosa interese ante representacións ou manifestacións artísticas.               | TI |
| CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.  | Realiza creacións artísticas.   |    |
| CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.  | Amosa interese ante representacións ou manifestacións artísticas.               |    |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.  | É quen de realizar grafismos libres.  |    |
| CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.  | Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso |    |



| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA |
|---|--|----|
| CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.  | Expresa a súa opinión con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.   |    |
| CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.  | Realiza creacións artísticas.  |    |
| CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.                  | É quen de expresarse musicalmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.                 |    |
| CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable. | Reacciona ante representacións ou manifestacións artísticas.                                       |    |
| CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.   | Realiza creacións plásticas explorando os distintos materiais con interese                         |    |
| CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.   | Realiza creacións plásticas.   |    |
| CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.  | Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa. |    |
| CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.  | Fai achegas sobre producións dos demais.   |    |
| CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.    | Realiza obras plásticas partir de creacións feitas noutras linguaxes.                              |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.</li> <li>- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> </ul> |

## Contidos

- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.

| UD | Título da UD      | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 4  | QUE QUEREMOS SER? | 40       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA |
|---|---|----|
| CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais. | Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) | TI |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA |
|---|---|----|
| CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas. | É quen de expresarse oralmente, a partir de creacións feitas noutras linguaxes. |    |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.  | É quen de realizar grafismos libres.  |    |
| CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.                         | É quen de identificar palabras segundo as súas características                  |    |
| CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.  | Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso |    |
| CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.  | Fai achegas sobre producións dos demais.  |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.</li> <li>- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> </ul> |

| UD | Título da UD          | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 5  | O PATIO DO MEU RECREO | 40       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA |
|---|---|----|
| CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.   | Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.  | TI |
| CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais. | Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) |    |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.  | É quen de realizar grafismos libres.  |    |
| CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.  | Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso                                   |    |
| CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.  | Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.   |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.</li> <li>- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 6         | GÚSTANME OS ANIMAIS | 40              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> |
|---|---|-----------|
| CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.   | Comprende algunha palabra en ambas linguas oficiais.  | TI        |
| CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais. | Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) |           |
| CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.   | Emprega a linguaxe para satisfacer as súas necesidades e desexos  |           |
| CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.  | Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita  |           |
| CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.                       | É quen de identificar palabras segundo as súas características  |           |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.  | É quen de realizar grafismos libres.  |           |
| CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.  | Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso                                   |           |
| CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.  | Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.   |           |
| CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.   | Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.   |           |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA |
|--|--|----|
| CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa. | Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais. |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.</li> <li>- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.</li> <li>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.</li> <li>- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> <li>- Respecto cara ás producións alleas.</li> </ul> |

### Contidos

- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

| UD | Título da UD  | Duración |
|----|---------------|----------|
| 7  | SOMOS GALEGOS | 40       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA |
|--|--|----|
| CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.  | Recoñece algunha particularidade lingüística da contorna próxima.  | TI |
| CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.  | Emprega unha linguaxe respetuosa coas demais persoas e se inicia no uso das convencións sociais.                                       |    |
| CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.                                  | Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo?) en diferentes linguas |    |
| CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.   | Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita   |    |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.   | É quen de realizar grafismos libres.   |    |
| CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo?                        | Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita.   |    |
| CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas. | É capaz de expresarse de xeito escrito non convencional, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.                               |    |
| CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.   | Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso  |    |
| CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.   | Fai unha aportación persoal con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.                                 |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA |
|--|--|----|
| CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.   | Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa. |    |
| CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.  | Participa en actividades de danza e dramatización  |    |
| CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.   | Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.  |    |
| CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.  | Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.                                |    |
| CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable. | Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística ou representación dixital     |    |
| CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.   | Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.                                     |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-</li> </ul> |



## Contidos

- cultural.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Baseamos o proceso de ensino-aprendizaxe en tres conceptos básicos que guían o noso día a día:

**PERSPECTIVA DIDÁCTICA:** organizamos os contidos baixo un enfoque globalizador, de xeito que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais posto que as nenas e nenos aprenden da realidade tal e como esta se presenta, e logo pasan a unha análise das partes, interrelacionando tamén as tres áreas, posto que non se concibe o seu traballo por separado. Para elo utilizaremos como proposta didáctica o traballo por proxectos con actividades e xogos baseados na observación, manipulación, experimentación e representación do aprendido nas diferentes linguaxes.

**APRENDIZAXE SIGNIFICATIVA:** Intentamos favorecer a construción das aprendizaxes partindo dos coñecementos previos e de experiencias integradoras e lúdicas, nas que o alumnado senta a necesidade de aprender porque lle serve para aplicar na vida diaria, que o que aprenden signifique algo para eles. Dentro deste aspecto, fomentamos o dereito a equivocarse, que o erro sexa considerado como medio para resolver os problemas, que o alumnado comprenda que pode ser algo importante que nos axuda a avanzar. Procuramos facer plantexamentos abertos que poidan ter varias solucións para favorecer o desenvolvemento das propias estratexias e a creatividade na invención e solución de problemas.

**SÍNTESE DE DIFERENTES METODOLOXÍAS INNOVADORAS:** Das diferentes formacións sobre metodoloxía ás que accedemos en cursos anteriores, recolleemos aqueles aspectos que máis se prestan a traballar na nosa aula, integrando así no día a día diferentes metodoloxías innovadoras, que detallamos a continuación:

**MÉTODO ABN:** é un método de cálculo que permite ao neno/a chegar ao cálculo mental de maneira sinxela e natural, a través da manipulación directa, a observación sistemática e o xogo manipulativo e interactivo cos seus iguais.

**MODELO SEM:** Este modelo contribúe á mellora dos aprendizaxes, á motivación e ao desenvolvemento do talento de cada neno/a. A través do Portfolio do talento búscanse os gustos do alumnado, o tipo de actividades que máis lles gusta facer, aquelas habilidades que máis lles costan e as que menos de xeito que da análise desta información elabóranse os proxectos e o tipo de actividades a realizar.

**AMBIENTES MONTESSORI:** durante o primeiro trimestre daremos forma a dous ambientes relacionados coa metodoloxía de MARÍA MONTESSORI. No patio do recreo de educación infantil crearemos un recuncho de vida práctica no que as nenas e nenos poderán xogar a facer transvases, a cociñar, lavar, ... Por outra banda, nunha aula que quedou libre no corredor de infantil organizaremos un recuncho multisensorial baseado no material Montessori no que traballaremos os cinco sentidos. Tamén incorporaremos nesta aula un recuncho de teatro e disfraces no que as nenas e nenos poderán desenvolver a linguaxe oral. Estes dous ambientes Montessori comezarán a funcionar no segundo trimestre.

**ROBÓTICA E TIC¿S:** É unha actividade innovadora e sobre todo moi divertida, deseñada para desenvolver as competencias e habilidades individuais e reforzar e ampliar os contidos traballados, a través de aplicacións de realidade aumentada cas tablets, da programación sinxela de robots e de aplicacións e xogos na PDI.

**APRENDIZAXE COOPERATIVA:** Integramos ao longo da xornada distintas actividades baseadas no Programa CA/AC (Cooperar para Aprender / Aprender a Cooperar) para fomentar a aprendizaxe en equipo e a cohesión do grupo.

**PATIOS ACTIVOS E AULAS ABERTAS:** con esta metodoloxía preténdese aproveitar o espazo natural do que dispoñemos no centro coma se dunha aula se tratase: asembleas e contacontos no exterior, observación e manipulación de elementos naturais, desenvolvemento da loxicamatemática e da lectoescritura a través dos elementos naturais, sesións de psicomotricidade no exterior, ...

**EDUCACIÓN RESPONSABLE:** programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade. É un programa educativo que se desenvolve en convenio de colaboración coa Fundación Botín, para, ademais de favorecer o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade, promover a comunicación e mellora da convivencia nos centros docentes a partir do traballo co profesorado, co alumnado e coas familias. É un proxecto centrado na aplicación didáctica, dentro das áreas curriculares, dunha serie de recursos de educación emocional, social e creativa durante tres cursos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| MATERIAL ELABORADO POLAS PROPIAS MESTRAS: fichas de contidos, material manipulativo, láminas de observación e investigación, ...  |
| FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS: PDI e ordenador de aula con altofalantes e conexión a internet, tablet de ciclo, superdoc de aula e beebot e escornabot de ciclo. CD¿s e DVD¿s con actividades de reforzo e ampliación de contidos. |
| ORGANIZACIÓN E AMBIENTACIÓN DA AULA: carteis, murais, láminas, pictogramas e bits de intelixencia relacionados cos diferentes proxectos e para a autorregulación da aprendizaxe.  |
| MATERIAL FUNXIBLE E NON FUNXIBLE: ceras, lapis, témperas, pinceis, folios, cartolinas, ... esponxas para estampar, plastilina e útiles para plastilina, gomets, ...;  |
| MATERIAL PARA A OBSERVACIÓN E EXPERIMENTACIÓN ARTÍSTICA: espuma de afeitar, colorantes, bicarbonato, teas de diferentes texturas, area, sal/azucre, ...   |
| INSTRUMENTOS MUSICAIS   |
| BIBLIOTECA DE AULA E DO CENTRO: contos, revistas, álbumes ilustrados, ...   |
| MATERIAL NON ESTRUCTURADO: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas, ...  |
| PERSOAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA: persoal do centro (docente e non docente), familias, outro alumnado, monitores das visitas e saídas escolares, ....  |

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante o período de adaptación realízase a avaliación inicial do alumnado a través de:

- Entrevista inicial coas familias.
- A observación directa e sistemática.
- Entrevistas e encontros casuais con outro profesorado.
- Diario de aula e anecdotario.

Das conclusións da análise da información que se obtén a través destes procedementos, elabóranse o documento de avaliación inicial recollido en Xade.

Ademais tamén se ten en conta esta información para coñecer:

- Os intereses, gustos e motivación das nenas e nenos.
- As súas necesidades e talentos.
- A individualización das actividades e xogos en base ó nivel de desenvolvemento e ritmo de aprendizaxe.
- A necesidade de actividades de ampliación e/ou reforzo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra/e e as decisións tomadas polo equipo docente nas sesións de avaliación pertinentes.

### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As propostas educativas para atender á diversidade baséanse nos principios inclusivos, integradores e non discriminatorios. Por esta razón, a intervención educativa debe recoller como principio a diversidade do alumnado, adaptando todas as súas actuacións e a práctica educativa ás necesidades, intereses, estilo cognitivo e ás características de cada un dos nenos e das nenas, en canto á súa capacidade, á súa motivación, ao seu estilo de aprendizaxe, ao seu interese, ao seu ritmo de traballo, ás súas aptitudes, aos seus gustos e ás súas afeccións, ás súas capacidades máis destacadas, o seu medio familiar, problemática, etc., dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

Para a atención a este alumnado contarase coa presenza da mestra de apoio na aula para reforzar os seus esforzos e prestarlle a atención extra que necesiten e ademais a adopción e utilización de estratexias como:

- Modificación do tempo nas aprendizaxes.
- Adecuación da axuda pedagóxica.
- Adecuación da metodoloxía.
- Adecuación das actividades ás diferenzas individuais dos alumnos e alumnas.
- Realización de actividades que reforcen ou amplíen as aprendizaxes.

De sospeitar dalgún caso que precise de medidas extraordinarias solicitarase ó departamento de orientación a súa valoración e a adopción das medidas pertinentes.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.       |      | X    | X    |      |      |      |      |
| ET.2 - Hábitos de control corporal.                        |      | X    |      |      |      |      |      |
| ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social. | X    | X    |      | X    |      |      | X    |
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.              |      |      |      |      | X    | X    |      |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable.               |      |      | X    |      | X    |      |      |
| ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.      |      | X    |      | X    |      |      | X    |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade             | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------------------|---|----------|----------|----------|
| Celebracións do centro | 1º TRIMESTRE: Samaín, Magosto e Nadal. 2º TRIMESTRE: Entroido. 3º TRIMESTRE: Día da familia e fin de curso. Estas celebracións están suxeitas a modificacións tanto de anulación como de aumento en función dos intereses e motivacións do alumnado.  | X        | X        | X        |
| Visitas e saídas       | 1º TRIMESTRE: Saída á Mostra de Teatro do Concello de Narón e visionado dunha película no cine Odeón. 2º TRIMESTRE: Saída para a realización de talleres medioambientais á PTIDR Aldea Nova. Obradoiro de educación para a saúde organizado polo Concello de Narón. 3º TRIMESTRE: Excursión de fin de curso a Marcelle. Obradoiro dos Maios organizado polo Concello de Narón. Remarcar que todas estas actividades poden estar suxeitas a modificación, anulación ou ampliación de saídas ou visitas en función das circunstancias e intereses e motivación do alumnado. | X        | X        | X        |

### Observacións:

Ademais das actividades recollidas neste apartado, realizaremos actividades dedicadas á celebración das diferentes conmemoracións recollidas na Orde de calendario escolar, as celebracións que se organizan no centro, así como as visitas e saídas escolares programadas para este curso, posto que todas están relacionadas co coñecemento da contorna.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Os tempos foron flexibles e respectáronse os ritmos xerais e particulares.         |
| Os espazos organizáronse axeitadamente   |
| A relación dos alumnos entre si foi positiva                                       |
| A relación da mestra co alumnado foi positiva.                                     |
| Percíbese un ambiente de confianza, distendido, fluído e relaxado                  |
| As vías de coordinación co equipo docente foron as necesarias e axeitadas          |
| Houbo coordinación entre as distintas mestres/a                                    |
| As vías de coordinación e colaboración coas familias foron suficientes e axeitadas |
| Os contidos foron coherentes cos obxectivos  |
| Os contidos e obxectivos foron os suficientes e necesarios                         |
| Os criterios de avaliación foron os axeitados ao desenvolvemento dos nenos/as.     |
| As actividades foron apropiadas ó grupo-clase, lúdicas e motivadoras.              |
| A metodoloxía foi a adecuada e eficiente.  |

### Descrición:

A programación didáctica será avaliada a través da revisión de cada proxecto, das avaliacións trimestrais e dunha avaliación ó final de curso coa intención de sacar conclusións para a súa modificación e mellora para o seguinte curso.

A avaliación así entendida non consistirá en emitir xuízos de valor sobre o neno ou as súas actividades, senón, máis ben, na recollida da información necesaria co fin de axustar e perfeccionar todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para iso empregaremos instrumentos como son as pautas de observación para avaliar a intervención educativa que inclúe a avaliación da adecuación do proceso educativo, dos tempos, dos espazos, dos materiais e recursos empregados, onde tamén temos en conta a opinión dos nenos, xa que eles son os que empregan todos estes instrumentos, así como das familias e outros docentes.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tal e como se dixo no epígrafe anterior, a programación didáctica será valorada durante os proxectos, ó final de cada trimestre e a final de curso, á fin de ir introducindo melloras de cara os proxectos seguintes e utilizando para elo os instrumentos e indicadores que se especificaron no epígrafe anterior.

Rematando cada trimestre, as mestras de ciclo reuniremonos para facer unha valoración xeral das programacións e suxerir propostas e tamén a finais de curso para as melloras de proposta de cara o curso seguinte.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro      | Concello | Ano académico |
|----------|-------------|----------|---------------|
| 15010058 | CPI do Feal | Narón    | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación infantil | Crecedemento en harmonía    | 4º Inf. | 8                | 280            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 15            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 16            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 16            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 17            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 17            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 17            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 18            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 18            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 19            |
| 9. Outros apartados   | 19            |



## 1. Introducción

O noso ciclo de El traballa por proxectos, tendo como base os intereses das nenas e nenos e os seus gustos. Seguindo a metodoloxía SEM, partimos facendo unha análise do portfolio do talento de cada alumna e alumno, elixindo temáticas, actividades e xogos que representen os talentos de todo o grupo aula, que a estas idades son ben diferentes dun trimestre a outro. Ademais, partimos tamén de situacións que xorden do día a día nas que o alumnado está realmente entusiasmado.

A base do traballo por proxectos e a espontaneidade das nenas e nenos dificulta a programación de unidades didácticas pechadas e polo tanto a concreción de obxectivos, contidos e criterios de avaliación, xa que estes irán variando en función dos intereses e necesidades de aprendizaxe do alumnado polo que a continuación farase unha referencia xeral e globalizada, que recolla un mínimo de contidos que se deberán traballar ó longo dos proxectos que xurdan durante o curso de xeito que ó remate do mesmo os alumnos e alumnas teñan adquiridos eses mínimos. É por iso que a programación desta área está concibida para levarse a cabo de xeito global coas outras dúas áreas, respetando un dos principios esenciais da educación infantil e o xeito de aprendizaxe das nenas e nenos destas idades.

Nesta área centrarémonos na identificación e recoñecemento do propio corpo e dos demais, favorecendo actitudes de respecto e tolerancia, a autonomía e o control corporal.

Darémolles especial importancia á EDUCACIÓN EMOCIONAL traballando o recoñecemento e identificación de sentimentos, emocións, ... en si mesmos e nos demais, a construción dun autoconceito axeitado e unha autoestima positiva e o desenvolvemento da empatía.

Así mesmo o corpo é o principal recurso de aprendizaxe das nenas e dos nenos a través das sensacións e percepcións dos sentidos con actividades e xogos que potencien observar, explorar, clasificar, ordenar, ... Ademais permítenos tamén dialogar, crear, debuxar, achegar a escrita... fomentando así o principio de globalidade e traballando en conxunto as tres áreas.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.            | 1   |    |      |    | 1     | 1  | 1  |      |
| OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva   | 1   | 1  |      |    | 1     | 1  | 1  | 1    |
| OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable   |     |    | 1    |    |       | 1  | 1  | 1    |
| OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos |     |    |      |    |       | 1  | 1  | 1    |

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

| UD | Título                       | Descrición  | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|---|------------|----------|----------|----------|
| 1  | SOMOS INVESTIGADORES         | Esta categoría trabállase de xeito transversal durante todo o curso complementando o resto de proxectos que xurdan na aula. Nela recóllense actividades e xogos relacionadas ca observación, manipulación e experimentación con obxectos, materiais e co espazo físico e natural da contorna, centrando as actividades no uso dos diferentes sentidos, o movemento e control do propio corpo como medio de aprendizaxe, potenciando a motricidade fina, a coordinación óculo-manual, ...  | 40         | X        | X        | X        |
| 2  | SOMOS EMOCIÓNS E SENTIMENTOS | Esta categoría trabállase de xeito transversal durante todo o curso complementando o resto de proxectos que xurdan na aula. Nela recóllense nela todo tipo de actividades e xogos relacionadas co coñecemento de si mesmo e dos demais: esquema corporal, diversidade cultural, igualdade de xénero, identificación e expresión das propias emocións e sentimentos e recoñecemento das emocións e sentimentos dos demais, centrándonos sobre todo neste último apartado xa que formamos parte do programa EDUCACIÓN RESPONSABLE. Se ben esta categoría se enmarca sobre todo nesta área, non se pode concibir sen a interrelación cas outras dúas, xa que é importante saber transmitir e representar as nosas investigacións a través das diferentes linguaxes e ademais o corpo é o principal instrumento de observación e experimentación. | 40         | X        |          |          |
| 3  | SOMOS ARTISTAS               | Recóllense nela todo tipo de actividades e xogos relacionadas coa expresión e comprensión de diferentes manifestacións artísticas: plástica e visual, oral, escrita, musical, corporal e literaria e traballarase tamén de xeito transversal ó longo de todo o curso e dos diferentes proxectos que xurdan, centrándonos nas emocións e sentimentos que evocan, nas sensacións que nos transmiten a través dos diferentes sentidos, o progresivo control corporal para o uso dos diferentes útiles, texturas, ... na creación das súas propias obras, ...   | 40         | X        |          |          |
| 4  | QUE QUEREMOS SER?            | Nesta categoría, recóllense as actividades e xogos relacionados coa benvinda ó cole, o recoñecemento e establecemento de relacións na escola e na familia, profesións e persoaxes significativas e as características principais do medio social relacionadas cos proxectos que xurdan. Cobran especial importancia nesta área o uso do xogo simbólico e a  | 40         |          | X        |          |

| UD | Título                | Descrición  | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|---|------------|----------|----------|----------|
| 4  | QUE QUEREMOS SER?     | expresión de emocións e sentimentos relacionados co mundo social que os rodea.  | 40         |          | X        |          |
| 5  | O PATIO DO MEU RECREO | Enmarcamos aquí as actividades e xogos relacionados coa natureza: o coidado da horta, as características das diferentes estacións, o coidado e respecto polo medioambiente,... todo elo promovendo actividades manipulativas, sensoriais e de exploración que favorecen o progresivo control corporal, o uso dos sentidos como fonte de coñecemento, a actividade ó aire libre, unha alimentación san e equilibrada e o coidado da contorna.      | 40         |          | X        |          |
| 6  | GÚSTANNOS OS ANIMAIS  | Nesta categoría inclúense as actividades e xogos relacionados co coñecemento, respecto e coidado polos animais: características, hábitat, relación cos seres humanos, o coidado das mascotas, ... promovendo actividades de comparación dos diferentes esquemas corporais, que favorezan o control postural, a expresión de emocións e sentimentos e a autonomía no coidado das mascotas.   | 40         |          |          | X        |
| 7  | SOMOS GALEGOS         | Durante o curso lévanse a cabo de xeito transversal e relacionados cos diferentes proxectos que xurden, actividades e xogos destinados a coñecer e valorar as tradicións da propia contorna e de Galicia en xeral: a vendima, a esfolia, o magosto, Samaín, Nadal, Entroido, ... Promovendo a actividade física e o xogo como fonte de aprendizaxe, a autonomía e iniciativa na búsqueda de información e o avance e control da motricidade fina. | 40         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD         | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 1  | SOMOS INVESTIGADORES | 40       |

| Crterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA |
|--|---|----|
| CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento                         | Controla o seu corpo en diferentes situacións motrices.   | T1 |
| CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz | Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá. e ao emprego de diferentes obxectos |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA |
|--|--|----|
| CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas                           | Axusta os seus movementos ao xogo dirixido e espontáneo              |    |
| CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino                 | Manexa diferentes útiles.  |    |
| CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.                                  | Participa en xogos e situacións da vida cotiá.                       |    |
| CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.  | Participa en xogos   |    |
| CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.   | Pide axuda aos adultos   |    |
| CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación. | Acepta as diferenzas individuais nos xogos e actividades colectivas. |    |
| CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.                | Utiliza diferentes útiles segundo as necesidades de cada situación   |    |
| CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.         | Adáptase aos tempos das actividades cotiás.                          |    |
| CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.   | Resolve problemas con axuda e aceptando as normas                    |    |
| CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.                                  | Participa en xogos e situacións da vida cotiá.                       |    |
| CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.         | Adáptase aos tempos das actividades cotiás.                          |    |
| CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.                                      | Participa en xogos e actividades colectivas.                         |    |
| CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.   | Interacciona cos seus compañeiros/as nas actividades cotiás.         |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución               | IA |
|--|--------------------------------------|----|
| CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas. | Resolve conflitos de forma positiva. |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.</li> <li>- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos e control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.</li> <li>- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.</li> <li>- Avance e control progresivo da motricidade fina.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.</li> <li>- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.</li> <li>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.</li> <li>- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.</li> <li>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.</li> <li>- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.</li> <li>- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.</li> <li>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.</li> <li>- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>          | <b>Duración</b> |
|-----------|------------------------------|-----------------|
| 2         | SOMOS EMOCIÓNS E SENTIMENTOS | 40              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> |
|---|--|-----------|
| CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal | Realiza a representación do seu corpo de forma sinxela                     | TI        |
| CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen  | Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.             |           |
| CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións   | Recoñece as súas posibilidades e limitacións.                              |           |
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade   | Recoñece algunhas semellanzas e diferencias nas persoas.                   |           |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.  | Fai aportacións con axuda sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias. |           |
| CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.   | Expresa as súas necesidades cun progresivo control das súas emocións.      |           |
| CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.  | Adapta o seu comportamento en situación coñecidas                          |           |
| CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.  | Recoñece hábitos saudables.  |           |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.  | Coidase e coida a contorna.  |           |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.
- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.
- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|----------------|----------|
| 3  | SOMOS ARTISTAS | 40       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA |
|---|--|----|
| CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen      | Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.             | TI |
| CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións | Recoñece as súas posibilidades e limitacións.                              |    |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.  | Fai aportacións con axuda sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias. |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> |
|--|---|-----------|
| CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.  | Xestiona as súas emocións   |           |
| CA2.7 - Expressar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.  | Fai aportacións con axuda en situacións de intercambio comunicativo sobre gustos, preferencias e inquiredanzas. |           |
| CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas. | Participa en actividades culturais.   |           |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Avance e control progresivo da motricidade fina.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.</li> <li>- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4         | QUE QUEREMOS SER?   | 40              |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|



| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA |
|--|--|----|
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade  | Recoñece algunhas semellanzas e diferenzas nas persoas.                    | TI |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.   | Fai aportacións con axuda sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias. |    |
| CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.  | Imita situacións no xogo simbólico.  |    |
| CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas. | Escoita e respecta as aportacións sobre as normas sociais                  |    |
| CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.                                | Participa en actividades culturais.  |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.</li> <li>- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.</li> <li>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.</li> <li>- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.</li> <li>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> </ul> |

| UD | Título da UD          | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 5  | O PATIO DO MEU RECREO | 40       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA |
|--|---|----|
| CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen | Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.  | TI |
| CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.                               | Fai aportacións con axuda en situacións de intercambio comunicativo sobre gustos, preferencias e inqedanzas |    |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.  | Acepta as normas evitando riscos  |    |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa. | Coidase e coida a contorna.   |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.</li> </ul> |

| UD | Título da UD         | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 6  | GÚSTANNOS OS ANIMAIS | 40       |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|-------------------------|------------------------|----|
|-------------------------|------------------------|----|

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> |
|--|--|-----------|
| CA1.3 - Recoñecer as percepción sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen  | Explica algunhas sensacións que lle producen os seus sentidos.   | TI        |
| CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.                               | Fai aportacións con axuda en situacións de intercambio comunicativo sobre gustos, preferencias e inquiredanzas |           |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.  | Acepta as normas evitando riscos   |           |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa. | Coidase e coida a contorna   |           |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 7         | SOMOS GALEGOS       | 40              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> |
|--|--|-----------|
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade  | Recoñece algunhas semellanzas e diferenzas nas persoas.                    | TI        |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.   | Fai aportacións con axuda sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias. |           |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.  | Acepta as normas evitando riscos   |           |
| CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa. | Coidase e coida a contorna   |           |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución                                    | IA |
|--|---|----|
| CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.  | Imita situacións no xogo simbólico.                       |    |
| CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas. | Escoita e respecta as aportacións sobre as normas sociais |    |
| CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.                                | Participa en actividades culturais.                       |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.</li> <li>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.</li> <li>- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.</li> <li>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.</li> <li>- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.</li> <li>- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.</li> <li>- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.</li> <li>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.</li> </ul> |

## Contidos

- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Baseamos o proceso de ensino-aprendizaxe en tres conceptos básicos que guían o noso día a día:

**PERSPECTIVA DIDÁCTICA:** organizamos os contidos baixo un enfoque globalizador, de xeito que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais posto que as nenas e nenos aprenden da realidade tal e como esta se presenta, e logo pasan a unha análise das partes, interrelacionando tamén as tres áreas, posto que non se concibe o seu traballo por separado. Para elo utilizaremos como proposta didáctica o traballo por proxectos con actividades e xogos baseados na observación, manipulación, experimentación e representación do aprendido nas diferentes linguaxes.

**APRENDIZAXE SIGNIFICATIVA:** Intentamos favorecer a construción das aprendizaxes partindo dos coñecementos previos e de experiencias integradoras e lúdicas, nas que o alumnado senta a necesidade de aprender porque lle serve para aplicar na vida diaria, que o que aprenden signifique algo para eles. Dentro deste aspecto, fomentamos o dereito a equivocarse, que o erro sexa considerado como medio para resolver os problemas, que o alumnado comprenda que pode ser algo importante que nos axuda a avanzar. Procuramos facer plantexamentos abertos que poidan ter varias solucións para favorecer o desenvolvemento das propias estratexias e a creatividade na invención e solución de problemas.

**SÍNTESE DE DIFERENTES METODOLOXÍAS INNOVADORAS:** Das diferentes formacións sobre metodoloxía ás que accedemos en cursos anteriores, recolleemos aqueles aspectos que máis se prestan a traballar na nosa aula, integrando así no día a día diferentes metodoloxías innovadoras, que detallamos a continuación:

**MÉTODO ABN:** é un método de cálculo que permite ao neno/a chegar ao cálculo mental de maneira sinxela e natural, a través da manipulación directa, a observación sistemática e o xogo manipulativo e interactivo cos seus iguais.

**MODELO SEM:** Este modelo contribúe á mellora dos aprendizaxes, á motivación e ao desenvolvemento do talento de cada neno/a. A través do Portfolio do talento búscanse os gustos do alumnado, o tipo de actividades que máis lles gusta facer, aquelas habilidades que máis lles costan e as que menos de xeito que da análise desta información elabóranse os proxectos e o tipo de actividades a realizar.

**AMBIENTES MONTESSORI:** durante o primeiro trimestre daremos forma a dous ambientes relacionados coa metodoloxía de MARÍA MONTESSORI. No patio do recreo de educación infantil crearemos un recuncho de vida práctica no que as nenas e nenos poderán xogar a facer transvases, a cociñar, lavar, ... Por outra banda, nunha aula que quedou libre no corredor de infantil organizaremos un recuncho multisensorial baseado no material Montessori no que traballaremos os cinco sentidos. Tamén incorporaremos nesta aula un recuncho de teatro e disfraces no que as nenas e nenos poderán desenvolver a linguaxe oral. Estes dous ambientes Montessori comezarán a funcionar no segundo trimestre.

**ROBÓTICA E TICS:** É unha actividade innovadora e sobre todo moi divertida, deseñada para desenvolver as competencias e habilidades individuais e reforzar e ampliar os contidos traballados, a través de aplicacións de realidade aumentada cas tablets, da programación sinxela de robots e de aplicacións e xogos na PDI.

**APRENDIZAXE COOPERATIVA:** Integramos ao longo da xornada distintas actividades baseadas no Programa CA/AC (Cooperar para Aprender / Aprender a Cooperar) para fomentar a aprendizaxe en equipo e a cohesión do grupo.

**PATIOS ACTIVOS E AULAS ABERTAS:** con esta metodoloxía preténdese aproveitar o espazo natural do que dispoñemos no centro coma se dunha aula se tratase: asembleas e contacontos no exterior, observación e manipulación de elementos naturais, desenvolvemento da loxicamatemática e da lectoescritura a través dos elementos naturais, sesións de psicomotricidade no exterior, ...

**EDUCACIÓN RESPONSABLE:** programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade. É un programa educativo que se desenvolve en convenio de colaboración coa Fundación Botín, para, ademais de favorecer o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade, promover a comunicación e mellora da convivencia nos centros docentes a partir do traballo co profesorado, co alumnado e coas familias. É un proxecto centrado na aplicación didáctica, dentro das áreas curriculares, dunha serie de recursos de educación emocional, social e creativa durante tres cursos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| MATERIAL ELABORADO POLAS PROPIAS MESTRAS: fichas de contidos, material manipulativo, láminas de observación e investigación, ...  |
| FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS: PDI e ordenador de aula con altosfalantes e conexión a internet, tablet de ciclo, superdoc de aula e beebot e escornabot de ciclo. CDzs e DVDzs con actividades de reforzo e ampliación de contidos.  |
| ORGANIZACIÓN E AMBIENTACIÓN DA AULA: carteis, murais, láminas, pictogramas e bits de intelixencia relacionados cos diferentes proxectos e para a autorregulación da aprendizaxe.  |
| MATERIAL DO PAVILLÓN DE EDUCACIÓN FÍSICA: aros, pelotas, cordas, estruturas de gomaespuma, colchonetas, ...   |
| MATERIAL PARA O XOGO: alimentos, útiles de cociña, bonecos, bonecas, roupa e útiles de coidado dos bebés, coches, bloques de construcións ...   |
| MATERIAL DOUTRAS ÁREAS QUE PODEMOS UTILIZAR PARA CLASIFICAR, ORDENAR, ...: ademáis do material funxible e non funxible (ceras, lapis, témperas, pinceis, folios, cartolinas, ...) hai letras e números de esponxa, outras formas para estampar, plastilina e útiles para plastilina, gomets, ...; bolas, carretes e outras formas para ensartar e cordóns, crebacabezas, pinchos de cores e táboas para ensartalos... |
| MATERIAL PARA A OBSERVACIÓN E EXPERIMENTACIÓN: Plantas e animais para a súa observación, coidado e investigación, espuma de afeitar, colorantes, bicarbonato, teas de diferentes texturas, ...  |
| BIBLIOTECA DE AULA E DO CENTRO: contos, revistas, álbumes ilustrados, ...   |
| MATERIAL NON ESTRUCTURADO: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas, ...  |
| PERSOAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA: persoal do centro (docente e non docente), familias, outro alumnado, monitores das visitas e saídas escolares, ....  |

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante o período de adaptación realízase a avaliación inicial do alumnado a través de:

- Entrevista inicial coas familias.
- A observación directa e sistemática.
- Entrevistas e encontros casuais con outro profesorado.
- Diario de aula e anecdotario.

Das conclusións da análise da información que se obtén a través destes procedementos, elabóranse o documento de avaliación inicial recollido en Xade.

Ademais tamén se ten en conta esta información para coñecer:

- Os intereses, gustos e motivación das nenas e nenos.
- As súas necesidades e talentos.
- A individualización das actividades e xogos en base ó nivel de desenvolvemento e ritmo de aprendizaxe.
- A necesidade de actividades de ampliación e/ou reforzo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a e as decisións tomadas polo equipo docente nas sesións de avaliación pertinentes.

### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa educativa

## 6. Medidas de atención á diversidade

As propostas educativas para atender á diversidade baséanse nos principios inclusivos, integradores e non discriminatorios. Por esta razón, a intervención educativa debe recoller como principio a diversidade do alumnado, adaptando todas as súas actuacións e a práctica educativa ás necesidades, intereses, estilo cognitivo e ás características de cada un dos nenos e das nenas, en canto á súa capacidade, á súa motivación, ao seu estilo de aprendizaxe, ao seu interese, ao seu ritmo de traballo, ás súas aptitudes, aos seus gustos e ás súas afeccións, ás súas capacidades máis destacadas, o seu medio familiar, problemática, etc., dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

Para a atención a este alumnado contarase coa presenza da mestra de apoio na aula para reforzar os seus esforzos e prestarlle a atención extra que necesiten e ademais a adopción e utilización de estratexias como:

- Modificación do tempo nas aprendizaxes.
- Adecuación da axuda pedagóxica.
- Adecuación da metodoloxía.
- Adecuación das actividades ás diferenzas individuais dos alumnos e alumnas.
- Realización de actividades que reforcen ou amplíen as aprendizaxes.

De sospeitar dalgún caso que precise de medidas extraordinarias solicitarase ó departamento de orientación a súa valoración e a adopción das medidas pertinentes.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.       |      | X    | X    |      |      |      |      |
| ET.2 - - Hábitos de control corporal.                        |      | X    |      |      |      |      |      |
| ET.3 - - Pautas elementais de convivencia e relación social. | X    | X    |      | X    |      |      | X    |
| ET.4 - - Coidado da contorna e dos seres vivos.              |      |      |      |      | X    | X    |      |
| ET.5 - - Educación para o consumo responsable.               |      |      | X    |      | X    |      |      |

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.6 - - Educación igualitaria e libre de estereotipos. |      | X    |      | X    |      |      | X    |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade            | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|-----------------------|--|----------|----------|----------|
| Actividades de Centro | 1º TRIMESTRE: Samaín, Magosto e Nadal. 2º TRIMESTRE: Entroido. 3º TRIMESTRE: Día da familia e fin de curso. Estas celebracións están suxeitas a modificacións tanto de anulación como de aumento en función dos intereses e motivacións do alumnado.   | X        | X        | X        |
| Visitas e saídas      | 1º TRIMESTRE: Saída á Mostra de Teatro do Concello de Narón e visionado dunha película no cine Odeón. 2º TRIMESTRE: Saída para a realización de talleres medioambientais á PTIDR Aldea Nova. Obradoiro de educación para a saúde organizado polo Concello de Narón. 3º TRIMESTRE: Excursión de fin de curso: Marcelle. Obradoiro dos Maios organizado polo Concello de Narón. Remarcar que todas estas actividades poden estar suxeitas a modificación, anulación ou ampliación de saídas ou visitas en función das circunstancias e intereses e motivación do alumnado. | X        | X        | X        |

### Observacións:

Ademais das actividades recollidas neste apartado, realizaremos actividades dedicadas á celebración das diferentes conmemoracións recollidas na Orde de calendario escolar, as celebracións que se organizan no centro, así como as visitas e saídas escolares programadas para este curso, posto que todas están relacionadas co coñecemento da contorna.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Os tempos foron flexibles e respectáronse os ritmos xerais e particulares. |
| A relación dos alumnos entre si foi positiva                               |
| A relación da mestra co alumnado foi positiva                              |
| Percíbese un ambiente de confianza, distendido, fluído e relaxado.         |



|  |
|--|
| As vías de coordinación co equipo docente foron as necesarias e axeitadas            |
| Houbo coordinación entre as distintas mestres/as. ¿                                  |
| As vías de coordinación e colaboración coas familias foron suficientes e axeitadas . |
| Os contidos foron coherentes cos obxectivos  |
| Os contidos e obxectivos foron os suficientes e necesarios                           |
| Os criterios de avaliación foron os axeitados ao desenvolvemento dos nenos/as.       |
| Os espazos organizáronse axeitadamente   |
| As actividades foron apropiadas ó grupo-clase, lúdicas e motivadoras.                |
| A metodoloxía foi a adecuada e eficiente.  |

### **Descrición:**

A programación didáctica será avaliada a través da revisión de cada proxecto, das avaliacións trimestrais e dunha avaliación ó final de curso coa intención de sacar conclusións para a súa modificación e mellora para o seguinte curso.

A avaliación así entendida non consistirá en emitir xuízos de valor sobre o neno ou as súas actividades, senón, máis ben, na recollida da información necesaria co fin de axustar e perfeccionar todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para iso empregaremos instrumentos como son as pautas de observación para avaliar a intervención educativa que inclúe a avaliación da adecuación do proceso educativo, dos tempos, dos espazos, dos materiais e recursos empregados, onde tamén temos en conta a opinión dos nenos, xa que eles son os que empregan todos estes instrumentos, así como das familias e outros docentes.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tal e como se dixo no epígrafe anterior, a programación didáctica será valorada durante os proxectos, ó final de cada trimestre e a final de curso, á fin de ir introducindo melloras de cara os proxectos seguintes e utilizando para elo os instrumentos e indicadores que se especificaron no epígrafe anterior.

Rematando cada trimestre, as mestras de ciclo reuniremonos para facer unha valoración xeral das programacións e suxerir propostas e tamén a finais de curso para as melloras de proposta de cara o curso seguinte.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro      | Concello | Ano académico |
|----------|-------------|----------|---------------|
| 15010058 | CPI do Feal | Narón    | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito             | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|---|---------|------------------|----------------|
| Educación infantil | Descubrimento e exploración da contorna | 4º Inf. | 8                | 280            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 14            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 15            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 15            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 16            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 16            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 16            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 17            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 17            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 18            |
| 9. Outros apartados   | 18            |

## 1. Introducción

O noso ciclo de El traballa por proxectos, tendo como base os intereses das nenas e nenos e os seus gustos. Seguindo a metodoloxía SEM, partimos facendo unha análise do portfolio do talento de cada alumna e alumno, elixindo temáticas, actividades e xogos que representen os talentos de todo o grupo aula, que a estas idades son ben diferentes dun trimestre a outro. Ademais, partimos tamén de situacións que xorden do día a día nas que o alumnado está realmente entusiasmado.

A base do traballo por proxectos e a espontaneidade das nenas e nenos dificulta a programación de unidades didácticas pechadas e polo tanto a concreción de obxectivos, contidos e criterios de avaliación, xa que estes irán variando en función dos intereses e necesidades de aprendizaxe do alumnado polo que a continuación farase unha referencia xeral e globalizada, que recolla un mínimo de contidos que se deberán traballar ó longo dos proxectos que xurdan durante o curso de xeito que ó remate do mesmo os alumnos e alumnas teñan adquiridos eses mínimos.

As nenas e nenos son curiosos por natureza e temos a gran sorte de ter un patio enorme cheo de árbores e plantas ademais dunha horta no patio interior. Deste xeito, satisfacemos a súa curiosidade pola natureza que os rodea e vivimos en primeira persoa os cambios estacionais. Este é un gran recurso para observar, explorar, clasificar, ordenar, ... Ademais permítenos tamén dialogar, crear, debuxar, achegar a escrita... fomentando así o principio de globalidade e traballando en conxunto as tres áreas.

Somos un centro aberto á comunidade educativa, facendo partícipes ás familias das actividades da aula, achegando así ás nenas e nenos a diferentes tipos de familias e as relacións que se establecen. Tamén nos achegan contos e lendas populares e as particularidades dos seus oficios, e deste mesmo xeito, tamén o Concello nos ofrece actividades que promoven o coñecemento do mesmo, tanto dos contornos naturais e espazos físicos como da cultura e da arte.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo. | 1   |    | 1    | 1  | 1     |    | 1  |      |
| OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten. | 1   |    | 1    | 1  | 1     |    | 1  |      |
| OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.   | 1   |    |      | 1  |       |    |    | 1    |

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante. | 1   | 1  |      | 1  |       | 1  |    | 1    |

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

| UD | Título                       | Descrición   | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------------|--|------------|----------|----------|----------|
| 1  | SOMOS INVESTIGADORES         | Esta categoría trabállase de xeito transversal durante todo o curso complementando o resto de proxectos que xurdan na aula. Nela recóllense actividades e xogos relacionadas ca observación, manipulación e experimentación con obxectos, materiais e co espazo físico e natural da contorna.  | 40         | X        |          |          |
| 2  | SOMOS EMOCIÓNS E SENTIMENTOS | Esta categoría trabállase de xeito transversal durante todo o curso complementando o resto de proxectos que xurdan na aula. Nela recóllense nela todo tipo de actividades e xogos relacionadas co coñecemento de si mesmo e dos demais: esquema corporal, diversidade cultural, igualdade de xénero, identificación e expresión das propias emocións e sentimentos e recoñecemento das emocións e sentimentos dos demais, centrándonos sobre todo neste último apartado xa que formamos parte do programa EDUCACIÓN RESPONSABLE. Se ben esta categoría se enmarca sobre todo na área de CRECEMENTO EN HARMONÍA, non se pode concibir sen a interrelación cas outras dúas, xa que é importante saber transmitir e representar as nosas investigacións a través das diferentes linguaxes e ademais o corpo é o principal instrumento de observación e experimentación. | 40         | X        |          |          |
| 3  | SOMOS ARTISTAS               | Recóllense nela todo tipo de actividades e xogos relacionadas coa expresión e comprensión de diferentes manifestacións artísticas: plástica e visual, oral, escrita, musical, corporal e literaria e traballarase tamén de xeito transversal ó longo de todo o curso e dos diferentes proxectos que xurdan. Relacionado con esta área, potenciarase a experimentación e observación de tódolos diferentes manifestacións culturais artísticas, achegando ás  | 40         | X        |          |          |

| UD | Título                | Descrición   | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------|--|------------|----------|----------|----------|
| 3  | SOMOS ARTISTAS        | nenas e nenos á cultura en diferentes ámbitos (arte, música, literatura oral e escrita, ...) e tamén fomentando a creación das súas propias obras. Así mesmo, é importante saber transmitir e representar as nosas investigacións a través das diferentes linguaxes e coñecer o espazo físico, cultural e natural que nos rodea e utilizalo nas nosas creacións. | 40         | X        |          |          |
| 4  | QUE QUEREMOS SER?     | Nesta categoría, propia desta área, recóllense aquí as actividades e xogos relacionados coa benvida ó cole, o recoñecemento e establecemento de relacións na escola e na familia, profesións e persoaxes significativas e as características principais do medio social relacionadas cos proxectos que xurdan.   | 40         |          | X        |          |
| 5  | O PATIO DO MEU RECREO | Enmarcamos aquí as actividades e xogos relacionados coa natureza: o coidado da horta, as características das diferentes estacións, o coidado e respecto polo medioambiente,... todo elo promovendo actividades manipulativas, sensoriais e de exploración.   | 40         |          | X        |          |
| 6  | GÚSTANNOS OS ANIMAIS  | Nesta categoría inclúense as actividades e xogos relacionados co coñecemento, respecto e coidado polos animais: características, hábitat, relación cos seres humanos, o coidado das mascotas, ...  | 40         |          |          | X        |
| 7  | SOMOS GALEGOS         | Durante o curso lévanse a cabo de xeito transversal e relacionados cos diferentes proxectos que xurden, actividades e xogos destinados a coñecer e valorar as tradicións da propia contorna e de Galicia en xeral: a vendima, a esfolla, o magosto, Samaín, Nadal, Entroido, ...   | 40         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD         | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 1  | SOMOS INVESTIGADORES | 40       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA |
|---|--|----|
| CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. | Explora os atributos de diferentes obxectos a través da manipulación | TI |
| CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.           | Recoñece algún cuantificador básico.                                 |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA |
|---|--|----|
| CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.   | Iniciase nas habilidades de cálculo e recoñecemento dos números.               |    |
| CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.  | Recoñece algunha forma xeométrica básica.                                      |    |
| CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos. | Sitúa o propio corpo segundo o espazo e os obxectos presentes.                 |    |
| CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.  | Representa graficamente a súa situación no espazo.                             |    |
| CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.   | Participa en actividades manipulativas de calquer tipo.                        |    |
| CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.  | Identifica nocións temporais básicas.  |    |
| CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.   | Emprega o corpo para facer medicións sinxelas.                                 |    |
| CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.                                   | Deseña solucións para resolver diferentes situacións problemáticas e/ou retos. |    |
| CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.  | Adapta o seu comportamento para superar situacións problemáticas.              |    |
| CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.           | Emprega estratexias, con axuda , e deseña solucións para resolver retos.       |    |
| CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.           | Participa en actividades de resolución de tarefas analóxicas e dixitais.       |    |
| CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.                     | Participa en propostas cooperativas e valora as aportacións alleas.            |    |
| CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.  | Participa en actividades STEAM.  |    |
| CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.   | Recoñece situacións perxudiciais para o medio natural.                         |    |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA |
|--|--|----|
| CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal. | Recoñece familia e escola como principais fontes de benestar afectivo. |    |
| CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.  | Relacionase con algunha persoa da súa contorna.                        |    |
| CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.   | Identifica diferentes modelos de familia e parentesco.                 |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.</li> <li>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.</li> <li>- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.</li> <li>- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...</li> <li>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.</li> <li>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> <li>- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.</li> <li>- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.</li> <li>- Relacións de parentesco.</li> <li>- A escola.</li> <li>- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.</li> </ul> |



| UD | Título da UD                 | Duración |
|----|------------------------------|----------|
| 2  | SOMOS EMOCIÓNS E SENTIMENTOS | 40       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA |
|---|---|----|
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.   | Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.  | TI |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade. | Participa nalgunha festa ou tradición, propia ou allea.             |    |
| CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.                                   | Recoñece algún elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego. |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.</li> <li>- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.</li> <li>- Relacións de parentesco.</li> <li>- A escola.</li> <li>- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.</li> <li>- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.</li> </ul> |

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|----------------|----------|
| 3  | SOMOS ARTISTAS | 40       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA |
|---|--|----|
| CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.      | Participa activamente en actividades de observación. formulación de preguntas e experimentación.                             | TI |
| CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.                            | Participa en actividades de descubrimento dos elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna. |    |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade. | Participa nalgunha festa ou tradición propia ou allea.   |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>                                       | <b>IA</b> |
|---|---|-----------|
| CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes. | Recoñece algún elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego. |           |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.</li> <li>- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.</li> <li>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> <li>- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.</li> <li>- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.</li> <li>- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).</li> <li>- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.</li> <li>- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.</li> <li>- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4         | QUE QUEREMOS SER?   | 40              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> |
|--|--|-----------|
| CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.   | Participa activamente en actividades de observación, formulación de preguntas e experimentación. | TI        |
| CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico. | Identifica algún fenómeno natural e os seus efectos.   |           |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.  | Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.                               |           |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> |
|---|--|-----------|
| CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.                            | Participa en actividades de descubrimento dos elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna. |           |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade. | Participa nalgunha festa ou tradición propia ou allea.   |           |
| CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.                                   | Recoñece algún elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego.  |           |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.</li> <li>- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.</li> <li>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> <li>- Habilidades do pensamento computacional.</li> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> <li>- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.</li> <li>- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.</li> <li>- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.</li> <li>- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>   | <b>Duración</b> |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 5         | O PATIO DO MEU RECREO | 40              |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA |
|---|--|----|
| CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.    | Participa activamente en actividades de observación, formulación de preguntas e experimentación. | TI |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.                               |    |
| CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.                     | Diferencia seres vivos e inertes.  |    |
| CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.   | Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribúe ao seu coidado.                      |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.</li> <li>- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.</li> <li>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> <li>- Habilidades do pensamento computacional.</li> <li>- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).</li> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> <li>- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.</li> <li>- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.</li> <li>- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.</li> <li>- Os seres vivos e as súas características.</li> <li>- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.</li> </ul> |

| UD | Título da UD         | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 6  | GÚSTANNOS OS ANIMAIS | 40       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA |
|---|---|----|
| CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.    | Participa activamente en actividades de observación , formulación de preguntas e experimentación. | TI |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.                                |    |
| CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.                     | Diferencia seres vivos de inertes.  |    |
| CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.   | Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribue ao seu coidado.                       |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.</li> <li>- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.</li> <li>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> <li>- Habilidades do pensamento computacional.</li> <li>- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).</li> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> <li>- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.</li> <li>- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.</li> <li>- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.</li> <li>- Os seres vivos e as súas características.</li> <li>- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. respecto dos seus dereitos.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 7         | SOMOS GALEGOS       | 40              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> |
|--|--|-----------|
| CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico. | Identifica algún fenómeno natural e os seus efectos.   | TI        |
| CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.   | Participa en actividades de descubrimento dos elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna. |           |
| CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.   | Diferencia algunhas profesións da súa contorna.  |           |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.  | Participa nalgunha festa ou tradición propia ou allea.   |           |
| CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.  | Recoñece algún elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego.  |           |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> <li>- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.</li> <li>- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.</li> <li>- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.</li> <li>- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.</li> <li>- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.</li> <li>- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.</li> <li>- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Baseamos o proceso de ensino-aprendizaxe en tres conceptos básicos que guían o noso día a día:

**PERSPECTIVA DIDÁCTICA:** organizamos os contidos baixo un enfoque globalizador, de xeito que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais posto que as nenas e nenos aprenden da realidade tal e como esta se presenta, e logo pasan a unha análise das partes, interrelacionando tamén as tres áreas, posto que non se concibe o seu traballo por separado. Para elo utilizaremos como proposta didáctica o traballo por proxectos con actividades e xogos baseados na observación, manipulación, experimentación e representación do aprendido nas diferentes linguaxes.

**APRENDIZAXE SIGNIFICATIVA:** Intentamos favorecer a construción das aprendizaxes partindo dos coñecementos previos e de experiencias integradoras e lúdicas, nas que o alumnado senta a necesidade de aprender porque lle serve para aplicar na vida diaria, que o que aprenden signifique algo para eles. Dentro deste aspecto, fomentamos o dereito a equivocarse, que o erro sexa considerado como medio para resolver os problemas, que o alumnado comprenda que pode ser algo importante que nos axuda a avanzar. Procuramos facer plantexamentos abertos que poidan ter varias solucións para favorecer o desenvolvemento das propias estratexias e a creatividade na invención e solución de problemas.

**SÍNTESE DE DIFERENTES METODOLOXÍAS INNOVADORAS:** Das diferentes formacións sobre metodoloxía ás que accedemos en cursos anteriores, recolleamos aqueles aspectos que máis se prestan a traballar na nosa aula, integrando así no día a día diferentes metodoloxías innovadoras, que detallamos a continuación:

**MÉTODO ABN:** é un método de cálculo que permite ao neno/a chegar ao cálculo mental de maneira sinxela e natural, a través da manipulación directa, a observación sistemática e o xogo manipulativo e interactivo cos seus iguais.

**MODELO SEM:** Este modelo contribúe á mellora dos aprendizaxes, á motivación e ao desenvolvemento do talento de cada neno/a. A través do Portfolio do talento búscanse os gustos do alumnado, o tipo de actividades que máis lles gusta facer, aquelas habilidades que máis lles custan e as que menos de xeito que da análise desta información elabóranse os proxectos e o tipo de actividades a realizar.

**AMBIENTES MONTESSORI:** durante o primeiro trimestre daremos forma a dous ambientes relacionados coa metodoloxía de MARÍA MONTESSORI. No patio do recreo de educación infantil crearemos un recuncho de vida práctica no que as nenas e nenos poderán xogar a facer transvases, a cocíñar, lavar, ... Por outra banda, nunha aula que quedou libre no corredor de infantil organizaremos un recuncho multisensorial baseado no material Montessori no que traballaremos os cinco sentidos. Tamén incorporaremos nesta aula un recuncho de teatro e disfraces no que as nenas e nenos poderán desenvolver a linguaxe oral. Estes dous ambientes Montessori comezarán a funcionar no segundo trimestre.

**ROBÓTICA E TICS:** É unha actividade innovadora e sobre todo moi divertida, deseñada para desenvolver as competencias e habilidades individuais e reforzar e ampliar os contidos traballados, a través de aplicacións de realidade aumentada cas tablets, da programación sinxela de robots e de aplicacións e xogos na PDI.

**APRENDIZAXE COOPERATIVA:** Integramos ao longo da xornada distintas actividades baseadas no Programa CA/AC (Cooperar para Aprender / Aprender a Cooperar) para fomentar a aprendizaxe en equipo e a cohesión do grupo.

**PATIOS ACTIVOS E AULAS ABERTAS:** con esta metodoloxía preténdese aproveitar o espazo natural do que dispoñemos no centro coma se dunha aula se tratase: asembleas e contacontos no exterior, observación e manipulación de elementos naturais, desenvolvemento da lóxicamatemática e da lectoescritura a través dos elementos naturais, sesións de psicomotricidade no exterior, ...

**EDUCACIÓN RESPONSABLE:** programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade. É un programa educativo que se desenvolve en convenio de colaboración coa Fundación Botín, para, ademais de favorecer o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade, promover a comunicación e mellora da convivencia nos centros docentes a partir do traballo co profesorado, co alumnado e coas familias. É un proxecto centrado na aplicación didáctica, dentro das áreas curriculares, dunha serie de recursos de educación emocional, social e creativa durante tres cursos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| MATERIAL ELABORADO POLAS PROPIAS MESTRAS: fichas de contidos, material manipulativo, láminas de observación e investigación, ...  |
| FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS: PDI e ordenador de aula con altosfalantes e conexión a internet, tablet de ciclo, superdoc de aula e beebot e escornabot de ciclo. CDzs e DVDzs con actividades de reforzo e ampliación de contidos.  |
| ORGANIZACIÓN E AMBIENTACIÓN DA AULA: carteis, murais, láminas, pictogramas e bits de intelixencia relacionados cos diferentes proxectos e para a autorregulación da aprendizaxe.  |
| MATERIAL RELACIONADO COA LÓXICA-MATEMÁTICA: bloques lóxicos, regletas, crebacabezas, dominós, xogos de lóxica-matemática, dados,...   |
| MATERIAL PARA O XOGO: alimentos, útiles de cociña, bonecos, bonecas, roupa e útiles de coidado dos bebés, coches, bloques de construcións ...   |
| MATERIAL DOUTRAS ÁREAS QUE PODEMOS UTILIZAR PARA CLASIFICAR, ORDENAR, ...: ademáis do material funxible e non funxible (ceras, lapis, témperas, pinceis, folios, cartolinas, ...) hai letras e números de esponxa, outras formas para estampar, plastilina e útiles para plastilina, gomets, ...; bolas, carretes e outras formas para ensartar e cordóns, crebacabezas, pinchos de cores e táboas para ensartalos... |
| MATERIAL PARA A OBSERVACIÓN E EXPERIMENTACIÓN: Plantas e animais para a súa observación, coidado e investigación, espuma de afeitar, colorantes, bicarbonato, teas de diferentes texturas, ...  |
| BIBLIOTECA DE AULA E DO CENTRO: contos, revistas, álbumes ilustrados, ...   |
| MATERIAL NON ESTRUCTURADO: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas, ...  |
| PERSOAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA: persoal do centro (docente e non docente), familias, outro alumnado, monitores das visitas e saídas escolares, ....  |

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante o período de adaptación realízase a avaliación inicial do alumnado a través de:

- Entrevista inicial coas familias.
- A observación directa e sistemática.
- Entrevistas e encontros casuais con outro profesorado.
- Diario de aula e anecdotario.

Das conclusións da análise da información que se obtén a través destes procedementos, elabóranse o documento de avaliación inicial recollido en Xade.

Ademais tamén se ten en conta esta información para coñecer:

- Os intereses, gustos e motivación das nenas e nenos.
- As súas necesidades e talentos.
- A individualización das actividades e xogos en base ó nivel de desenvolvemento e ritmo de aprendizaxe.
- A necesidade de actividades de ampliación e/ou reforzo.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación (sen dificultade, en proceso, con dificultade) de forma que o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de cosecución observado pola mestra ou mestre e as decisións tomadas polo equipo docente nas sesións de avaliación pertinentes.

### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As propostas educativas para atender á diversidade baséanse nos principios inclusivos, integradores e non discriminatorios. Por esta razón, a intervención educativa debe recoller como principio a diversidade do alumnado, adaptando todas as súas actuacións e a práctica educativa ás necesidades, intereses, estilo cognitivo e ás características de cada un dos nenos e das nenas, en canto á súa capacidade, á súa motivación, ao seu estilo de aprendizaxe, ao seu interese, ao seu ritmo de traballo, ás súas aptitudes, aos seus gustos e ás súas afeccións, ás súas capacidades máis destacadas, o seu medio familiar, problemática, etc., dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

Para a atención a este alumnado contarase coa presenza da mestra de apoio na aula para reforzar os seus esforzos e prestarlle a atención extra que necesiten e ademais a adopción e utilización de estratexias como:

- Modificación do tempo nas aprendizaxes.
- Adecuación da axuda pedagóxica.
- Adecuación da metodoloxía.
- Adecuación das actividades ás diferenzas individuais dos alumnos e alumnas.
- Realización de actividades que reforcen ou amplíen as aprendizaxes.

De sospeitar dalgún caso que precise de medidas extraordinarias solicitarase ó departamento de orientación a súa valoración e a adopción das medidas pertinentes.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional       |      | X    | X    |      |      |      |      |
| ET.2 - Hábitos de control corporal                        |      | X    |      |      |      |      |      |
| ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social | X    | X    |      | X    |      |      |      |
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos              |      |      |      |      | X    | X    |      |

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.5 - Educación para o consumo responsable          |      |      | X    |      | X    |      |      |
| ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos |      | X    |      | X    |      |      | X    |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade             | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------------------|--|----------|----------|----------|
| Celebracións do Centro | 1º TRIMESTRE: Samaín, Magosto e Nadal. 2º TRIMESTRE: Entroido. 3º TRIMESTRE: Día da familia e fin de curso. Estas celebracións están suxeitas a modificacións tanto de anulación como de aumento en función dos intereses e motivacións do alumnado.   | X        | X        | X        |
| Visitas e saídas       | 1º TRIMESTRE: Saída á Mostra de Teatro do Concello de Narón e visionado dunha película no cine Odeón. 2º TRIMESTRE: Saída para a realización de talleres medioambientais á PTIDR Aldea Nova. Obradoiro de educación para a saúde organizado polo Concello de Narón. 3º TRIMESTRE: Excursión de fin de curso: Marcelle. Obradoiro dos Maios organizado polo Concello de Narón. Remarcar que todas estas actividades poden estar suxeitas a modificación, anulación ou ampliación de saídas ou visitas en función das circunstancias e intereses e motivación do alumnado. | X        | X        | X        |

### Observacións:

Ademais das actividades recollidas neste apartado, realizaremos actividades dedicadas á celebración das diferentes conmemoracións recollidas na Orde de calendario escolar, as celebracións que se organizan no centro, así como as visitas e saídas escolares programadas para este curso, posto que todas están relacionadas co coñecemento da contorna.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Os tempos foron flexibles e respectáronse os ritmos xerais e particulares. |
| Percíbese un ambiente de confianza, distendido, fluído e relaxado          |
| As vías de coordinación co equipo docente foron as necesarias e axeitadas. |

|  |
|--|
| Houbo coordinación entre as distintas mestres/as                                   |
| As vías de coordinación e colaboración coas familias foron suficientes e axeitadas |
| Os contidos foron coherentes cos obxectivos  |
| Os contidos e obxectivos foron os suficientes e necesarios                         |
| Os criterios de avaliación foron os axeitados ao desenvolvemento dos nenos/as      |
| As actividades foron apropiadas ó grupo-clase, lúdicas e motivadoras.              |
| A metodoloxía foi a adecuada e eficiente.  |
| A relación da mestra co alumnado foi positiva.                                     |
| A relación dos alumnos entre si foi positiva.                                      |
| Os espazos organizáronse axeitadamente   |

#### **Descrición:**

A programación didáctica será avaliada a través da revisión de cada proxecto, das avaliacións trimestrais e dunha avaliación ó final de curso coa intención de sacar conclusións para a súa modificación e mellora para o seguinte curso.

A avaliación así entendida non consistirá en emitir xuízos de valor sobre o neno ou as súas actividades, senón, máis ben, na recollida da información necesaria co fin de axustar e perfeccionar todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para iso empregaremos instrumentos como son as pautas de observación para avaliar a intervención educativa que inclúe a avaliación da adecuación do proceso educativo, dos tempos, dos espazos, dos materiais e recursos empregados, onde tamén temos en conta a opinión dos nenos, xa que eles son os que empregan todos estes instrumentos, así como das familias e outros docentes.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Tal e como se dixo no epígrafe anterior, a programación didáctica será valorada durante os proxectos, ó final de cada trimestre e a final de curso, á fin de ir introducindo melloras de cara os proxectos seguintes e utilizando para elo os instrumentos e indicadores que se especificaron no epígrafe anterior.

Rematando cada trimestre, as mestras de ciclo reuníronos para facer unha valoración xeral das programacións e suxerir propostas e tamén a finais de curso para as melloras de proposta de cara o curso seguinte.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro      | Concello | Ano académico |
|----------|-------------|----------|---------------|
| 15010058 | CPI do Feal | Narón    | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza          | Nome da área/materia/ámbito | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación infantil | Relixión Católica           | 4º Inf. | 1                | 35             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 3             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 4             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 5             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 12            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 13            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 13            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 13            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 14            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 14            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 15            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 15            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 16            |
| 9. Outros apartados   | 16            |

## 1. Introducción

A formación relixiosa e moral católica pretende contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria. É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o arrodea e a relacionarse con el. Neste proceso, desenvolvido no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

O sentido transcendente da vida, capacidade básica do individuo, está enraizado no máis profundo do ser, e o neno pode recoñecelo, segundo os niveis de aprendizaxe propia de cada idade, nos símbolos e signos do seu contorno, nas experiencias relixiosas dos seus maiores, na cultura que se transmite na escola. Non podería existir unha formación integral se non se desenvolveran todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales encóntrase constitutivamente a capacidade transcendente. O ensino relixioso pretende contribuír así á calidade da educación, coa proposta e desenvolvemento dos coñecementos, valores e actitudes que conforman o currículo.

Esta formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sede sobre Relixión. Ensino e Asuntos Culturais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, no cal establécense os principios que fan posible as garantías constitucionais.

O ensino relixioso católico na Educación Infantil, parte da experiencia do neno nesta idade de 3 a 6 anos en referencia a tres grandes ámbitos: Comunicación e Representación da Realidade, Crecemento en Armonía e descubrimento e exploración da contorna. Estes tres ámbitos de experiencia non son tratados de forma fragmentada ou independente uns doutros, senón en mutua relación e interdependencia. A experiencia relixiosa do neno medra a un tempo que se desenvolve a súa autonomía e identidade persoal en relación co medio.

O ensino relixioso católico pretende achegar o neno ás claves principais da fe cristiá, axudarlle a descubrir esta experiencia no seu contorno, e a que el mesmo desenvolva as súas facultades de expresión e se inicie nos elementos primeiros que facilitan a comunicación con Deus. A síntese da mensaxe cristiá que se presenta no currículo fundamenta e motiva os valores e actitudes básicas, favorece os hábitos de comportamento, e contribúe tamén ao desenvolvemento de destrezas e habilidades que se exercitan nos tres ámbitos de experiencia enunciada. Para iso, este currículo válese dos elementos cristiáns presentes no contorno do alumno, as imaxes e símbolos, a linguaxe e outros recursos que fan posible a comprensión da experiencia relixiosa axeitada a esta idade.

Corforme ás competencias establecidas no citado Acordo internacional e recoñecidas na Disposición Adicional Segunda da Lei Orgánica de Educación 2/2006, de 3 de maio, corresponde á Conferencia Episcopal Española fixar o currículo da área de Relixión e Moral católica.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación. | 1   |    |      | 1  | 1     |    |    |      |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.  |     |    |      |    | 1     | 1  |    |      |
| OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.  |     |    |      |    |       | 1  | 1  |      |
| OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.   |     |    |      |    |       |    | 1  | 1    |
| OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas. | 1   |    |      |    | 1     | 1  |    |      |
| OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.  | 1   |    |      |    |       |    |    | 1    |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título               | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------|------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Deus é noso Pai      |            | 6          | X        |          |          |
| 2  | O Nacemento de Xesús |            | 8          | X        |          |          |
| 3  | Xesús é o meu amigo  |            | 5          |          | X        |          |

| UD | Título                 | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------|------------|------------|----------|----------|----------|
| 4  | Semana Santa           |            | 6          |          | X        |          |
| 5  | María nai de Xesús     |            | 5          |          |          | X        |
| 6  | A Igrexa casa de todos |            | 5          |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD    | Duración |
|----|-----------------|----------|
| 1  | Deus é noso Pai | 6        |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA |
|--|--|----|
| CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.                 | É autónomo para facer algunhas actividades cotiás básicas                              | TI |
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.                           | É quen de respectar aos seus amigos e de recoñecer os seus erros                       |    |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.   | Disfruta elaborando producións artísticas  |    |
| CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoa cunha actitude de asertividade e respecto. | Coñece algunha canción ou oración das aprendidas                                       |    |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.  | Mantén unha actitude de respecto hacia as costumes cristiás e mesmo doutras relixións. |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.</li> <li>- O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá.</li> <li>- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.</li> <li>- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> </ul> |



| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>  | <b>Duración</b> |
|-----------|----------------------|-----------------|
| 2         | O Nacemento de Xesús | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> |
|---|---|-----------|
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.  | Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola                  | TI        |
| CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade | Recoñece actitudes pacíficas baseadas nalgún relato bíblico                             |           |
| CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.                             | Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo ( igrexa, escultura) |           |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.  | Disfruta elaborando producións artísticas   |           |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.                | É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús                                      |           |
| CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade. | Amosa ledicia pola celebración do nacemento de Xesús.                                   |           |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.   | Respecta as diferentes formas de celebrar o Nacemento de Xesús                          |           |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> </ul> |

## Contidos

- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.
- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.
- Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón.
- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.
- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.
- Identidade cristiá e contorna social.
- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.
- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A oración de Xesús.

| UD | Título da UD        | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 3  | Xesús é o meu amigo | 5        |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA |
|--|--|----|
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.   | Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola               | TI |
| CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo | Recoñecer na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica |    |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.   | Disfruta elaborando producións artísticas  |    |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.                 | Recoñece a Xesús como modelo de amizade  |    |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.  | Identifica a amizade como un valor que nos ensina Xesús.                             |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.
- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.
- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.
- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.
- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.
- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón.
- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.
- Identidade cristiá e contorna social.
- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.
- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 4  | Semana Santa | 6        |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA |
|--|---|----|
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.   | Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola                | TI |
| CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.  | É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.                         |    |
| CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo | Recoñece na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacíficas. |    |
| CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.  | Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús.                              |    |
| CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade  | Axuda a xerar espazos pacíficos baseados na figura de Xesús.                          |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>                                  | <b>IA</b> |
|---|--|-----------|
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.  | Disfruta elaborando producións artísticas                      |           |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.                | É quen de recoñecer a Xesús no relato da Paixón.               |           |
| CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade. | Amosa ledicia pola celebración da Pascua de Xesús.             |           |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.   | Respecta as diferentes formas de celebración da Pascua cristiá |           |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.</li> <li>- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.</li> <li>- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.</li> <li>- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empa-tía.</li> <li>- Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.</li> <li>- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5         | María nai de Xesús  | 5               |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA |
|--|---|----|
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.   | Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola                    | TI |
| CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.  | Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor                           |    |
| CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.  | É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.                             |    |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.   | Disfruta elaborando producións artísticas   |    |
| CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir  | É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas                             |    |
| CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndooas cunha actitude de asertividade e respecto.               | Coñece algunha canción ou oración das aprendidas  |    |
| CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoos con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es | Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo                    |    |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.                 | Recoñece a Xesús como protagonista nalguha narración bíblica ou manifestacións artísticas |    |
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.  | Mantén unha actitude de respecto hacia as costumes cristiás e mesmo doutras relixións.    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.</li> <li>- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá.</li> <li>- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.</li> <li>- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.</li> <li>- A figura da Virxe María.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>    | <b>Duración</b> |
|-----------|------------------------|-----------------|
| 6         | A Igrexa casa de todos | 5               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> |
|--|--|-----------|
| CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.   | Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola                             | TI        |
| CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.             | Amosa afecto polos seus compañeiros e a súa familia e pide axuda cando a precisa                   |           |
| CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.  | Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor                                    |           |
| CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da | Amosa interese pola materia e respecta os momentos de xogo, e de narracións                        |           |
| CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.   | É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa Igrexa (bautizo, eucaristía, Nadal...) |           |
| CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.                              | Recoñece imaxes relacionadas cos templos cristiáns   |           |
| CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.   | Disfruta elaborando producións artísticas  |           |
| CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.                 | Recoñece a Xesús como protagonista nalguha narración bíblica ou manifestacións artísticas          |           |
| CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.  | Recoñece que o servizo aos demais membros dunha comunidade e motivo de satisfacción e ledicia      |           |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA |
|---|--|----|
| CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións. | Mantén unha actitude de respecto hacia as costumes cristiás e mesmo doutras relixións. |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.</li> <li>- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.</li> <li>- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.</li> <li>- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.</li> <li>- A vida cristiá en comunidade.</li> <li>- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.</li> <li>- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.</li> <li>- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.</li> <li>- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.</li> <li>- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal. Aplicaremos os principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión do aprendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.

A nivel máis concreto usaremos situacións de aprendizaxe que recrean na aula situacións significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bó trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Biblia infantil   |
| Materiais para producións artísticas (ceras de cores, lápices, témperas, papeis de cores, rotuladores...) |
| Imaxes de distintas producións artísticas relacionadas co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura) |
| Monicreques   |
| Mandalas  |
| Materiais audiovisuais  |
| Contos  |
| Xogos de cartas, Dominos, etc.  |

Os materiais para producións artísticas, os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a autoexploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas.

Os monicreques representan a personaxes bíblicos para contar as narracións das que son protagonistas, ou personaxes dos contos que se usan cunha finalidade pedagóxica.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elemento relixiosos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación



### **Criterios de cualificación:**

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático. Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento. Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe. Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado.

### **Criterios de recuperación:**

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación. A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe. Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. O obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.

Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.

- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades

específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.

- Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.

- Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas.

- Fomentar a mellora do autoconcepto e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

-Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Educación para a paz                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Educación para a igualdade de xénero | X    |      | X    | X    | X    | X    |

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.3 - Educación para a saúde                         | X    |      |      |      |      |      |
| ET.4 - Educación para a sustentabilidade e a ecoloxía | X    |      | X    |      |      |      |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable           | X    | X    | X    |      |      |      |
| ET.6 - Educación para a solidariedade                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade               | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------------|---|----------|----------|----------|
| A nosa pequena creación. | Visitaremos a horta escolar alomenos tres veces durante o curso, unha cando as prantas están recién prantadas , outra cando empezan a medrar e outra cando xa son visibles os produtos cultivados.        |          |          |          |
| A postal de Nadal        | Realizaremos unha postal de Nadal para felicitar as nosas familias e amigos   |          |          |          |
| Día da Paz               | O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende o equipo de aextraescolares para festexar o día 30 de xaneiro.   |          |          |          |
| Día das familias         | O 15 de maio celebraremos o día das familias e faremos un pequeno agasallo para elas  |          |          |          |
| Día do medioambiente     | O día 5 de xuño celebraremos o día do medioambiente para concienciar sobre a importancia do coidado do medioambiente. Faremos carteis para pegar polo centro e concienciar sobre o coidado do medio. smo. |          |          |          |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada. |
| Creo e comparto materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.    |
| Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.   |
| Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.           |
| Adapto as actividades a diversidade da aula.                       |
| Potencio a participación dos alumnos na aula.                      |
| Vínculo o aprendizaxe ca vida real.                                |

|  |
|--|
| Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento. |
| Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.   |
| Fomento a autoavaliación e a coavaliación.   |
| Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes.                              |
| Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.         |
| Respecto os aspectos confidenciais da miña profesión   |
| Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente.                    |
| Asumo as funcións do meu posto de traballo   |
| Busco un clima de benestar cos meus compañeiros.   |

### **Descrición:**

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contenidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade.

Como propostas de mellora destacamos a optimización dos tempos nas sesións.

.-Programar as tarefas e actividades das unidades didácticas tendo máis en conta as pausas lectivas e as distintas conmemoracións.

## **9. Outros apartados**